



Dirección Xeral de Formación Profesional

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio de Formación Profesional

Convocatoria 2025

Instrucións para a consulta individualizada das resolucións e das cualificacións

1 Consulta das resolucións provisionais e definitivas. Reclamacións

No proceso de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio para a convocatoria 2025, a consulta das resolucións da proba poderá facerse no do centro onde se realizara a solicitude ou ben de xeito individualizado a través da aplicación Ciclosprobas.

É moi importante conservar o impreso que xera o asistente informático ao finalizar a solicitude, xa que ademais de ser o resgardo de presentación, o código da solicitude permitirá a identificación para o acceso e a consulta individualizada de toda a información relacionada coa proba de acceso.

O primeiro paso para facer a consulta é acceder á aplicación Ciclosprobas no seguinte enderezo: (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/Paxinalinicio.do>).

- Aqueles usuarios que dispoñan dun sistema de autenticación (conta edu.xunta.gal, Chave 365, DNI electrónico ou certificado dixital) poderán acceder á aplicación Ciclosprobas co seu usuario e contrasinal e realizar a consulta no apartado **2. Solicitantes/ 2.1. Solicitudes**.



- Para aqueles usuarios que non dispoñan dun sistema de autenticación, na parte inferior da pantalla aparecerán as seguintes opcións:

[Consultar solicitudes do ano actual](#)

[Consultar resolucións e cualificacións](#)



Deberá escoller a opción "Consultar resolucións e cualificacións" a través da cal se lle solicitará o número de identificación (DNI, NIE ou pasaporte, sempre con letras maiúsculas) empregado no proceso de inscrición das probas de acceso a grao medio e o código de solicitude (código alfanumérico que aparece na marxe dereita do impreso de solicitude, debaixo do código de barras) e premer en "Buscar".

Cubrir os campos

Filtros

DOI/DNI*

Código de Solicitude*

Buscar

ANEXO I

de Galicia con oferta de FP.



Código Solicitude

006748T2

DE GRAO MEDIO DE	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
	ED312C	SOLICITUDE



- A continuación, aparecerá a seguinte pantalla:

Datos persoais

DNI/NIE/...

Nome

Listaxe solicitudes							
Código	Convocatoria	Tipo	Data solicitude	Data entrega	Data validación	Centro	Opcións
000077	Ordinaria 2025. Grao Medio	CENTRO	17/02/2025 10:18:17	17/02/2025 10:18:17	17/02/2025 10:18:17	CFEA de Guísamo	Ver detalle

Nesta pantalla poderá consultar os datos persoais e o estado da solicitude validada. A continuación premer na opción "Ver detalle" onde poderá consultar toda a información correspondente á solicitude e as correspondentes resolucións provisionais e definitivas. A información estará dispoñible nas datas previstas no calendario.

Ordinaria 2025. Grao Medio

Datos persoais e información da solicitude:

DNI/NIE/... Nome

Centro de entrega Código de solicitude validada

Texto informativo. Máis información.

- ▶ RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES, EXENCIÓNS E PROBA ADAPTADA
- ▶ RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES, EXENCIÓNS E PROBA ADAPTADA
- ▶ RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CUALIFICACIÓNS
- ▶ RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CUALIFICACIÓNS

Ao premer na opción "Resolución provisional de solicitudes, exenciones e proba adaptada" poderá consultar se a solicitude foi admitida ou excluída (e no seu caso, os motivos da exclusión), as exencións solicitadas e a correspondente resolución, a conservación de nota e a resolución da proba adaptada solicitada.

▼ RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES, EXENCIÓNS E PROBA ADAPTADA

Solicitude admitida para as probas de acceso
Petición/s que realiza a persoa solicitante:

- Solicita exención da parte científico-técnica polo/s seguintes motivos:
 - Superación dos módulos específicos profesionais (exceptuando o módulo de FCT) dun programa de cualificación profesional inicial.
 - Certificado de profesionalidade de calquera nivel.
 - Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.
- Solicita exención da parte sociolingüística polo/s seguintes motivos:
 - Superación dos ámbitos social e de comunicación do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas.
 - Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.

Resolución/s do tribunal:

- Exención da parte científico-técnica da proba: **resolución positiva**. Declárase exento/a de realizar a parte científico-técnica da proba.
- Exención da parte sociolingüística da proba: **resolución negativa**. Deberá realizar a parte sociolingüística da proba polo/s seguinte/s motivo/s:
 - O certificado de ter superados os ámbitos social e de comunicación dun PCPI foi presentado fóra de prazo.

Contra as resolucións provisionais de solicitudes, de exencións, de conservacións de nota e de proba adaptada, as persoas interesadas poderán presentar **reclamación no centro de inscrición**.



Durante o período de reclamacións (**24 ao 28 de marzo** ambos os dous incluídos) contra as resolucións provisionais, poderase achegar calquera documentación non achegada previamente.

A partir do 11 de abril poderá consultar a resolución definitiva da solicitude, das exencións e da proba adaptada na opción "Resolución definitiva de solicitudes, exencións e proba adaptada".

► RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES, EXENCIONES E PROBA ADAPTADA

► RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES, EXENCIONES E PROBA ADAPTADA

► RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CUALIFICACIONES

▼ RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CUALIFICACIONES



2 Consulta das cualificacións provisionais e definitivas. Reclamacións

O día 26 de maio poderá consultar a información da resolución provisional de cualificacións da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio. Deberá seguir os pasos descritos no apartado anterior e premer na opción "Resolución provisional de cualificacións".

► RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES, EXENCIONES E PROBA ADAPTADA

► RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES, EXENCIONES E PROBA ADAPTADA

► RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CUALIFICACIONES

▼ RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CUALIFICACIONES



Contra as resolucións provisionais de cualificacións, as persoas interesadas poderán presentar **reclamación no centro de inscrición** desde o **26 ata o día 30 de maio** ambos os dous incluídos.

O día 12 de xuño poderá consultar as cualificacións definitivas na opción "Resolución definitiva de cualificacións".

► RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES, EXENCIONES E PROBA ADAPTADA

► RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES, EXENCIONES E PROBA ADAPTADA

► RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CUALIFICACIONES

▼ RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CUALIFICACIONES

